

Servizo de Promoción de Emprego e  
Desenvolvemento Local  
Pazo Deputación de Pontevedra- 1º andar  
Avda. Montero Ríos, s/n  
36071 Pontevedra

**Manuel Corujo Castro, xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local INFORMA;**

Como empresa beneficiaria do Plan de práctica laboral en empresas 2016 e dado que a bolsa concedida resultou vacante por falta de persoas candidatas, desde o servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local vaise propoñer a aprobación dunha **nova convocatoria** para mozos e mozas con titulación universitaria ou de formación profesional de grado superior **nas distintas titulacións que resultaron vacantes.**

Para levar a cabo dita proposta **é necesario que as empresas ou entidades** que tendo a súa bolsa vacante e cumprindo cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria publicada no BOPPO nº 71 do 14 de abril de 2016 **confirman que manteñen a súa petición para que se efectúe unha nova convocatoria da bolsa solicitada nun principio.**

Para iso **deberán entregar o impreso de solicitude que achegamos no sobre de notificación e presentalo debidamente asinado, no Rexistro Xeral da institución provincial** en Pontevedra (de luns a venres de 8:30 a 14:30 h e de 17:00 a 19:00 h) ou no da súa sede de Vigo (de luns a venres de 9:00 a 14:00 h), nos horarios indicados, **no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte da recepción desta notificación.**

Unha vez que se leve a cabo a nova convocatoria se as bolsas quedan vacantes por no haber persoas candidatas darase por finalizado este procedemento e procederase ao arquivo da súa solicitude.

Pontevedra, 12 de xuño de 2017

O xefe do servizo de Promoción do Emprego  
e Desenvolvemento Local

Manuel Corujo Castro

A deputada delegada

M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Álvarez



EMPRESA